

**Resolución do 4 de outubro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593). (código de procedemento ED003A).**

Mediante Resolucións do 11 e 31 de agosto de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocáronse sendos procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas seguintes especialidades, do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) (código de procedemento ED003A):

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593001	Acordeón
593003	Arpa
593006	Canto
593008	Clarinete
593009	Clave
593010	Composición
593014	Contrabaixo
593023	Dirección de Orquestra
593030	Fagot
593032	Frauta Travesa
593035	Guitarra
593039	Historia da Música
593050	Música de Cámara
593051	Musicoloxía
593052	Óboe
593057	Pedagogía
593058	Percusión
593059	Piano
593061	Improvisación e acompañamento
593063	Repertorio con Piano para Voz
593066	Saxofón
593072	Trombón



CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593074	Trompa
593075	Trompeta
593076	Tuba
593077	Viola
593078	Violín
593079	Violoncello
593090	Gaita
593092	Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e Barroco
593095	Instrumentos Históricos de Corda Fretada
593098	Repertorio con piano para instrumentos
593100	Tecnoloxía Musical
593102	Viola da Gamba
593115	Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas

Mediante resolución do 28 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava das citadas convocatorias.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**



Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo.- Declarar deserto o procedemento para as especialidades de clave (593009) e de Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e Barroco (593092) ao non constar presentada ningunha solicitude de participación e para a especialidade de Instrumentos Históricos de Corda Fretada (593095) ao non constar admitida ningunha solicitude de participación.

Terceiro.- De acordo co disposto na base oitava das convocatorias pola que se acordou a apertura destes procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, formular un recurso de reposición que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "recurso de reposición", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

